

A emoción que traballaredes hoxe será o **medo**. O obxectivo é que os nenos/as comprendan os seus medos e identifiquen cales son útiles e cales non. Sentir medo non é algo malo xa que en moitas ocasións é esta emoción a que nos axuda a evitar perigos pero noutras ocasións o medo atópase só na nosa imaxinación.

O medo é unha emoción máis que debemos aprender a identificala e a xestionala da mellor forma posible así que vos propoño as seguintes actividades.

Comezaredes vendo e escoitando o **conto** titulado " *¡Qué miedo!*" de Lorena Martí: <https://www.youtube.com/watch?v=EPVR-a0vwCU>



Despois de realizar diferentes preguntas sobre o conto para comprobar que o entenderon crearedes o voso **monstro "comemedos"**.

O primeiro que debedes facer é crear o voso monstro. Para iso só necesitades unha caixa de zapatos ou de panos de papeis. Podedes decorala da forma que queirades e utilizando os materiais que teñades na casa. Deixade voar a imaxinación e create o monstro que máis vos guste. Aquí vos deixo algúns exemplos:



Unha vez teñades o voso monstro, os nenos/as deberán pensar nos seus medos e debuxalos cada un nun folio diferente para introducilos no monstro "comemedos". Antes de introducir cada un dos seus medos debedes facerlles preguntas para que pensen e axudarlles a reflexionar se ese medo é un medo real e útil ou non, e polo tanto só forma parte da súa imaxinación. Ademais intentarán transformar os seus medos en cousas que non lles fagan sentirse así, tal e como fixo o protagonista do conto.

Chegados a este punto só vos queda realizar a vosa páxina sobre o medo para incluír no **dicionario das emocións**. Por se alguén non se lembra ou non sabe en que consiste, recórdovolo a continuación:

- Escribir nun folio/cartulina a palabra MEDO e debuxar situacións, momentos, recordos... que vos fagan sentir así (valerían o que debuxastes antes). Este folio será o que pase a formar parte do dicionario das emocións.
- Poñerse diante dun espello e pór cara de medo, fixándose na expresión dos ollos, cellas, boca... pois despois teredes que debuxarvos expresando esta emoción. Tamén podedes sacar unha foto coa cámara do móbil e se tedes a posibilidade imprimila e pegala no folio.

Aquí déixovos outros contos sobre a mesma temática:

- "*Los miedos del capitán Cacurcias*" de José Carlos Andrés:  
<https://www.youtube.com/watch?v=aq6AMjV2zZc>
- "*Cuando tengo miedo*" de Tracey Moroney:  
<https://www.youtube.com/watch?v=D7kosccPNyQ>

Antes de despedirme recordade que podedes enviar fotos das vosas actividades ó correo [lauraprofealternativa@gmail.com](mailto:lauraprofealternativa@gmail.com)

Unha gran aperta virtual!!!